

BOLETÍN INFORMATIVO PARA AS FAMILIAS

Curso 2019/20



A Educación axuda á persoa a ser o que é capaz de ser.

Hesiodo

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ

Rúa Marie Curie 1. 36610 Vilagarcía de Arousa- O Carril

Tfno. 886 15 17 91

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiguelangelgonzalez/>

Estimadas familias:

Comezamos un novo curso escolar no que o noso obxectivo prioritario é manter o proceso continuo de mellora que vimos acadando, aproveitando os éxitos dos últimos anos, en cada un dos nosos ámbitos de actuación. Para isto precisamos o compromiso das familias, co-responsables na consecución dos obxectivos do centro. Esta co-responsabilidade ten como base fundamental a participación das familias na vida do centro.

Convidamos desde aquí ás familias a integrarse de cheo na vida do centro, a participar nos nosos proxectos, na procura de solucións ás necesidades que xurdan, nos órganos colexiados, na Asociación de Nais e Pais de alumnos/as, nas actividades extraescolares e complementarias, etc.

Queremos, en definitiva, preservar unhas condicións de aprendizaxe que permitan satisfacer as necesidades educativas do noso alumnado e favorecer o desenvolvemento das súas competencias. Para iso, precisamos do compromiso de toda a Comunidade Educativa na defensa dun ensino público de calidade, aberto e participativo.

Agardamos que teñades un bo comezo de curso.

O Equipo Directivo

O presente Boletín Informativo pretende darvos a coñecer datos sobre o Centro que cremos que poden ser do voso interese, así como os obxectivos que nos propuxemos para este curso.

Os Órganos Unipersoais de Goberno que constitúen o Equipo Directivo deste Instituto no presente curso académico 2019/20 son os seguintes:

A Directora: Doña Rosa Gómez Cerdeira, cuxa función principal é ser a responsábel da xestión e funcionamento do Centro.

O Xefe de Estudos: Don Pablo Alonso Suárez, que coordina a realización das actividades de carácter académico, de orientación e complementarias de profesorado e alumnado.

A Secretaria: Doña Eva María Mouriño López, encargada de ordenar o réxime administrativo do Centro.

A Vicedirectora: Doña Clara Piñeiro Agra, que coordina as actividades complementarias e extraescolares.

**HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS - CLAUSTRO DE PROFESORES/AS
CURSO 2019-20**

HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS - PROFESORADO. CURSO 2019-20

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
BARREIRA DÍAZ, FRANCISCA	MARTES 11:45
CAPEÁNS SOUSA, MARÍA DEL PILAR	LUNS 10:55
REY LÓPEZ, ANDREA	XOVES 10:55

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
DOMÍNGUEZ LAREDO, ROSA	XOVES 9:50

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
ALONSO SUÁREZ, PABLO	XOVES 10:55
BARREIRO DE LA TORRE, IRENE	XOVES 11:45
GARRIGÓS VILLALBA, LUIS	MÉRCORES 9:50
PÉREZ ALONSO, MARÍA CONCEPCIÓN	VENRES 10:50
RODRÍGUEZ PETEIRO, SUSANA	LUNS 10:55
TABOADA SOLLA, MARTA	XOVES 9:50

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
FERNÁNDEZ LÓPEZ, MARÍA DEL CARMEN	XOVES 11:45
GONZALEZ MIGUÉNS, MÓNICA	MÉRCORES 10:55
LOJO COSTA, ÁGUEDA	XOVES 12:55

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
MOURIÑO LÓPEZ, EVA MARÍA	MARTES 9:00
DÍAZ GÁNDARA, ADELA ELSA	XOVES 12:55

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
MEIJIDE FERNÁNDEZ, MARÍA RITA	XOVES 10:55
VAZQUEZ SERANTES, CELSO	XOVES 10:55

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
FERNÁNDEZ CALVO, MATILDE	LUNS 11:45
LÓPEZ VILLAR, ROSA	LUNS 12:55

DEPARTAMENTO DE INGLÉS		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
CASTAÑO LÓPEZ, JUAN		MARTES 10:55
ESCUDERO PÉREZ, MARTA		LUNS 10:55
PIÑEIRO AGRA, CLARA		VENRES 11:45
ABAL OTERO, EVA		MÉRCORES 12:55
DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
PÉREZ ÁLVAREZ INMACULADA		LUNS 9:50
DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
ARAÚJO GARCÍA, MARINA		VENRES 9:50
BRET FRANCO, CAROLINA		LUNS 11:45
IGLESIAS SANMARCO, MANUELA		MARTES 9:50
PÁMPANO BENITO, MARTA		XOVES 12:55
DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
BARROS TABOADA, MIGUEL		VENRES 9:50
CONDE COIRA, MARÍA PILAR		LUNS 12:55
MARIÑO PÉREZ, IRIA		XOVES 10:55
DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
CAEIRO SÁNCHEZ, ROSA		MÉRCORES 11:45
CONDE NEIRA, CRISTINA		XOVES 11:45
GÓMEZ CERDEIRA, ROSA MARÍA		LUNS 13:45
LÓPEZ LAMAS, LUCÍA		XOVES 10:55
OUBIÑA LODEIRO, MERCEDES		MÉRCORES 11:45
DEPARTAMENTO DE MÚSICA		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
SUAREZ NAVIA, SUSANA		LUNS 11:45
BARCALA SOMOZA, MARÍA BEGOÑA		VENRES 10:55
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
GORIS MAYÁN, CRISTINA		MARTES 17:20
SOBRADO JANEIRO, AMPARO		VENRES 10:55
SANTOS RAPOSO, NATALIA MARIA		VENRES 10:55

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
PÉREZ PIÑEIRO, MARÍA ISABEL	XOVES 12:55

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
GARCÍA SANZ. LUIS	LUNS 11:45
LONGO SUÁREZ, JOSÉ MANUEL	LUNS 11:45

DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA	HORA ATENCIÓN A PAIS/NAIS
BANDE BUJÁN, MARTA ROSARIO	XOVES 10:55
DASILVA FERNÁNDEZ, MARÍA ESTHER	MÉRCORES 9:50
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, TERESA	LUNS 12:55

GRUPOS EXISTENTES NO CENTRO

ALUMNADO 2019/2020	TOTAL	MOZOS	MOZAS
ESO	230	118	112
BACHARELATO	165	56	109
CICLOS FORMATIVOS	35	30	5
TOTAL	430	204	226

1º de ESO: Dous grupos cun desdobre en tres grupos en tódalas materias.

	ALUMNADO	NENOS	NENAS
1ºA	19	12	7
1ºB	20	12	8
1ºC	20	12	8
TOTAL	59	36	23

2º de ESO: Tres grupos.

	ALUMNADO	NENOS	NENAS
2ºA	20	10	11
2ºB	21	12	11
2ºC	22	9	10
TOTAL	63	31	3

3º de ESO: Tres grupos.

	ALUMNADO	NENOS	NENAS
3ºA	20	9	11
3ºB	20	7	13
3ºC	21	10	11
TOTAL	61	26	35

4º de ESO: Dous grupos.

	ALUMNADO	NENOS	NENAS
4ºA	24	12	12
4ºA	23	13	10
total	47	25	22

Etapa de Secundaria Postobrigatoria

1º de Bacharelato: Tres grupos

1º DE BACH	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS
1ºA CIENCIAS	22	12	10
1ºB HUMANID. E CC.SOCIAIS	30	8	22
1ºC ARTES	16	2	14
TOTAL	68	22	46

2º de Bacharelato: Tres grupos

2º DE BACH	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS
2ºA CIENCIAS	42	22	20
2ºB HUMANID. E CC.SOCIAIS	24	9	15
2ºC ARTES	31	3	28
TOTAL	97	34	63

Ciclos Formativos de grao Superior

CLICLOS FORMATIVOS	ALUMNADO	RAPACES	RAPAZAS
1ºCFGS AC. FÍSICO	29	24	5
2ºCFGS A.A.F.D.	6	6	0

CALENDARIO DE ENTREGA DE NOTAS NA ESO E PRIMEIRO DE BACHARELATO

PRIMEIRO TRIMESTRE	20 de decembro
SEGUNDO TRIMESTRE	3 de abril
TERCEIRO TRIMESTRE	A determinar pola Consellería de Educación

CALENDARIO DE ENTREGA DE NOTAS EN SEGUNDO DE BACHARELATO

PRIMEIRO TRIMESTRE	29 de novembro
SEGUNDO TRIMESTRE	28 de febreiro
TERCEIRO TRIMESTRE	21 de maio

CALENDARIO ESCOLAR. DÍAS NON LECTIVOS

Día do ensino: **Xoves 31 de outubro**

Día de Todos os Santos: **Venres 1 de novembro.**

Día da Constitución: **Venres 6 de decembro.**

Vacacións de Nadal: **23 de decembro - 7 de xaneiro, ambos inclusive.**

Vacacións de Entroido: **Luns 24, martes 25 e mércores 26 de febreiro.**

Día non lectivo San Xosé: **Xoves 19 de marzo.**

Día non lectivo local: **Venres 20 de marzo.**

Vacacións de Semana Santa: **6 -13 ambos inclusive**

Día da Festa do Traballo: **Mércores 1 de maio.**

Festividade de santa Rita: **22 de maio**

Remate das clases: 19 de xuño

Normas de funcionamento do centro

ENTRADA AO CENTRO

I. O horario do IES Miguel Ángel González Estévez é de 9:00 a 14:35 horas, de luns a venres, e os martes pola tarde de 16:30 a 18:10 horas, con dous descansos, o primeiro de quince minutos de 10:40 a 10:55 e o segundo de vinte minutos de 12:35 a 12:55 horas.

II. A asistencia a clase é obrigatoria para todo o alumnado. As faltas de asistencia deberán ser xustificadas sempre ao titor/a sendo este/a o/a que ten a potestade para aceptar a xustificación como tal. O alumnado debe estar na aula co toque do timbre, ás 9:00 horas. Tres retrasos implican unha falta de asistencia e poden levar sanción.

III. Os pais/nais do alumnado que se incorpore á aula despois do horario sinalado, ou non asista a clase, recibirán unha menxase no Abalar Móvil especificando o retraso o a falta para que coñezan a situación.

PERMANENCIA NO CENTRO

I. A finalización dunha clase é determinada polo profesor/a responsable; sempre será despois do toque do timbre.

II. O alumnado poderá saír da aula previa autorización do profesor/a (este/a evitará que máis dun/ha alumn@ estea fóra da aula).

III. En caso de indisposición momentánea ou doenza, o centro informará á familia no momento.

IV. Cando falte un/ha profesor/a, o grupo permanecerá dentro da aula baixo o coidado do docente de garda. Seralle ofrecido material a realizar da materia correspondente.

V. Durante o horario lectivo ningún alumno/a da ESO, pode abandonar o centro. Cando un alumno/a se encontre mal ou deba ausentarse por asuntos persoais xustificábeis, pedirá permiso ao Profesorado de Garda, á Xefatura de Estudos ou á Dirección. Só se autorizará o abandono do centro escolar a aquel alumnado que estea acompañado polo titor/a legal. Neste caso, asinará un impreso, para que quede constancia.

PRINCIPAIS NORMAS DE CONVIVENCIA

A comezo de curso preséntanse e son explicadas as normas básicas de comportamento. Procuramos que non sexan vistas como imposicións, mais como unha necesidade para relacionarnos e convivir uns con outros sen conflitos.

As normas básicas durante as clases serán:

- Respetar tanto ao profesor/a como aos compañeiros e compañeiras / Sentarse correctamente/ Non comer nin beber / Non saír ao baño sen permiso //Abstense do uso do móbil ou outros aparellos electrónicos, agás utilícese como medios educativos e con permiso do profesorado.
- O alumnado seguirá as indicacións do profesorado, mostrándolle o máximo respecto tanto na aula como en calquera outro lugar do centro.
- Será respectado o dereito ao estudo dos compañeir@s.
- Será respectado e coidado o conxunto de bens móbiles, o material didáctico, as instalacións do centro, así como as pertenzas de todas as integrantes da Comunidade Educativa.
- O centro **non** se fai responsábel da perda de teléfonos móbiles ou outros obxectos persoais non indispensábeis para o normal funcionamento da actividade académica. **NON SE PODE UTILIZAR O MÓBIL NO RECINTO ESCOLAR. E CONVENIENTE APAGALO AO ENTRAR** en caso de traelo.

- Aconsellamos o **uso da axenda** como medio para mellorar a organización do estudo, así como para estardes informad@s das tarefas nas distintas materias e datas de exames.

OS OBXECTIVOS XERAIS que nos propuxemos para este curso son:

1.- Desenvolver unha formación académica de calidade, adaptada ás necesidades e intereses de cada alumno/a, que lle permita acceder a estudos superiores con garantías de éxito, no seu caso, ou integrarse no mundo laboral.

2.- Educar en valores humanos, de modo que as alumnas e alumnos sexan cidadáns participativos, responsábeis e solidarios, integrados nunha sociedade democrática e plural.

3.- Fomentar a integración e convivencia do alumnado no centro, desde o coñecemento, o respecto e o aprezo.

4.- Educar na igualdade entre homes e mulleres e respectar as distintas identidades sexuais.

QUEREMOS CONSEGUIR:

1.- A obtención de bos resultados académicos por parte do noso alumnado a nivel interno, nas avaliacións externas, así como en estudos posteriores.

2.- Un nivel de convivencia agradable e sen problemas de disciplina.

3.- Utilizar unhas medidas organizativas de atención á diversidade que dean resposta á totalidade do alumnado.

4.- O desenvolvemento de todas as competencias básicas no alumnado.

5.- Dotar aos alumnos de hábitos e técnicas de traballo.

6.- Desenvolver valores como o esforzo, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente.

7.- Lograr que o abandono escolar sexa mínimo.

8.- Manter relacións fluídas coas familias e os seus representantes.

9.- Dispor dunhas instalacións e uns medios tecnolóxicos modernos e adecuados.

10.- Manter unha coordinación eficaz cos centros educativos adscritos.

11.- Realizar unha xestión participativa, con procedementos fluídos de participación coñecidos por toda a comunidade.

12.- Fomentar o sentimento de pertenza ao Centro, que precisa da co-responsabilidade de todos os integrantes da comunidade educativa.

AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

LEI LOMCE. CHAVES DE CUALIFICACIÓN:

Insuficiente: 1,2,3,4, Suficiente: 5, Ben: 6, Notable: 7 ou 8, Sobresaliente: 9 ou 10

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO

Segundo o establecido no decreto 86/2015 onde se establece o currículo da ESO e de Bacharelato en Galicia, no Artigo 23: Promoción, que dispón as bases para establecer os criterios de promoción para ESO, o Claustro de Profesores e o Consello Escolar, establecen os seguintes criterios para a promoción na ESO:

1. O alumnado que aproba todas as materias, promoverá ao curso seguinte.
2. O alumnado que, tras realizar as probas da convocatoria extraordinaria, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, sempre que esas materias non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, promoverá ao curso seguinte.

Tendo en conta que a repetición é unha medida de carácter excepcional e que se tomará tras esgotarse as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, considerárase:

3. De forma excepcional, o alumnado que tras realizar as probas da convocatoria extraordinaria, teña **avaliación negativa en tres materias**, sempre que dúas desas materias NON sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, poderá promover ao curso seguinte, se a xunta de avaliación, considera que se dan conxuntamente os seguintes requisitos:
 - a. o grao de adquisición das competencias da/o alumna/o e a natureza das dificultades amosadas non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte,
 - b. ten expectativas favorables de recuperación e amosa unha actitude positiva para mellorar o seu rendemento, aplicándoselle as medidas de reforzo correspondentes
 - c. a promoción beneficiará á súa evolución académica, e das seguintes condicións verifícanse simultaneamente:
 - i. A media aritmética das cualificacións de todas as materias sexa igual ou superior a 6.
 - ii. A cualificación obtida en cada unha das materias non superadas sexa igual ou superior a 3.

4. De forma excepcional, o alumnado que tras realizar as probas da convocatoria extraordinaria, teña **avaliación negativa en dúas materias**, sendo esas materias simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, poderá promover ao curso seguinte, se a xunta de avaliación, considera que se dan conxuntamente os seguintes requisitos:

- a. o grao de adquisición das competencias da/o alumna/o e a natureza das dificultades amosadas non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte,
- b. ten expectativas favorables de recuperación e amosa unha actitude positiva para mellorar o seu rendemento, aplicándoselle as medidas de reforzo correspondentes
- c. a promoción beneficiará á súa evolución académica, e
- d. as seguintes condicións verifícanse simultaneamente:
 - i. A media aritmética das cualificacións de todas as materias sexa igual ou superior a 6.
 - ii. A cualificación obtida en cada unha das materias non superadas sexa igual ou superior a 3.

5. Circunstancias extraordinarias:

A xunta avaliadora estudará, a conveniencia ou non de requirir o cumprimento conxunto dos criterios aquí establecidos, cando nunha alumna/o conorra algunha circunstancia persoal ou familiar, suficientemente acreditada a xuízo da xunta avaliadora (Enfermidade grave e prolongada, Acontecementos traumáticos no entorno familiar, Alumnado estranxeiro de recente incorporación, Alumnado sen escolarizar un tempo, pero con boa progresión, Alumnado pertencente a un contexto social desfavorecido, ...)

6. No cómputo de materias para a promoción considerárase tamén as materias non superadas de cursos anteriores. Neste sentido, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos académicos consideráranse como materias distintas.
7. No cómputo das materias do curso para a promoción do curso no que estea matriculado, consideráranse as materias mínimas obrigatorias de cada bloque. No bloque de Materias de Libre Configuración considerárase só a materia de Lingua Galega e Literatura, independentemente de que a/o alumna/o poda estar matriculado doutra materia deste bloque.
8. Coa finalidade de que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, o equipo docente establecerá as medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación das medidas revisárase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.
9. O alumnado que promocióne de curso sen superar todas as materias matricularase das materias non superadas e seguirá o programa de reforzo que estableza o equipo docente, e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta a efectos de promoción do curso.

10. O alumnado que non promocióne deberá permanecer un ano mais no mesmo curso nos casos que indica o decreto. Esta medida irá acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Este plan realizarase coas medidas de reforzo establecidas polo equipo docente correspondente.
11. Ao final de cada curso de ESO entregaráselle ás familias un consello orientador que incluírá unha proposta do itinerario mais axeitado para seguir, así como un informe motivado do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se fose necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación para a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ou a un ciclo de formación profesional básica. Este consello orientador incluírase no expediente.

CRITERIOS DE TÍTULACIÓN EN ESO

Segundo o establecido no Real Decreto 562/2017, resolución do 9 de xuño de 2017 sobre a titulación en ESO, o Claustro de Profesores e o Consello Escolar, establecen os seguintes criterios para a obtención do título de graduado en ESO:

1. O alumnado que aprrobe todas as materias, obterá o título de graduado en ESO.
 2. O alumnado que tras realizar as probas da convocatoria extraordinaria, teña **avaliación negativa nunha ou dúas materias, sempre que esas materias NON sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas**, poderá ser proposto pola xunta avaliadora para a obtención do título de graduado en ESO sempre que teña adquirido as competencias e considere que acada os obxectivos da etapa. Considérase que se dan tales circunstancias sempre que se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:
 - a. A media aritmética das cualificacións de todas as materias sexa igual ou superior a 6.
 - b. A cualificación obtida en cada unha das materias non superadas sexa igual ou superior a 3.
 3. **Circunstancias extraordinarias**

A xunta avaliadora estudará, a conveniencia ou non de requirir o cumprimento conxunto dos criterios aquí establecidos, cando nunha alumna/o concorra algunha circunstancia persoal ou familiar, suficientemente acreditada a xuízo da xunta avaliadora (Enfermidade grave e prolongada, Acontecementos traumáticos no entorno familiar, Alumnado pertencente a un contexto social desfavorecido, ...)
 4. No cómputo de materias para a titulación de graduado en ESO considerarase tamén as materias non superadas de cursos anteriores. Neste sentido, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos académicos consideraranse como materias distintas.
 5. Coa finalidade de que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, o equipo docente establecerá as medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.
 6. O alumnado que non titule deberá permanecer un ano mais no mesmo curso nos casos que indica o decreto. Esta medida irá acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Este plan realizarase coas medidas de reforzo establecidas polo equipo docente correspondente.
 7. Ao final do curso de 4º de ESO entregaráselle ás familias un consello orientador que incluírá unha proposta do mais axeitado para seguir os estudos, así como un informe motivado do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. En caso de non titulación, se fose o caso, o consello orientador poderá incluír unha recomendación para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica. Este consello orientador incluírase no expediente.
 8. A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, nunha escala do 1 ao 10 con dúas cifras decimais, redondeadas á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos a situación de "Non presentada/o" (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.
 9. O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de 4º curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5% do conxunto do alumnado matriculado no centro en 4º ESO.
10. En todo caso, para a distinción de Matrícula de Honra adoptaranse os seguintes criterios en caso de empate:
- a. Maior cualificación en 4º ESO, en caso de empate
 - b. Maior cualificación en 3º ESO, en caso de empate
 - c. Maior cualificación en 2º ESO, en caso de empate
 - d. Maior cualificación en 1º ESO, en caso de empate
 - e. Será o azar o que ditaminará quen debe obter dita distinción.

AVALIACIÓN NO BACHARELATO

Artigo 35. Promoción

1. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.

3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

Artigo 37. Título de bacharel

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

- a) Cun peso do 60 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.
- b) Cun peso do 40 %, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

Así mesmo, conforme o disposto nos artigos 44.4 e 50.2 da Lei 2/2006, do 3 de maio, respectivamente, os alumnos e as alumnas que estean en posesión dun título de técnico ou de técnico superior, ou de técnico das ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderán obter o título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de materias troncais que como mínimo se deban cursar na modalidade e na opción que escolla o alumno ou a alumna.

No título de bacharel deberá facerse referencia a que o devandito título se obtivo da forma indicada no parágrafo anterior, así como a cualificación final de bacharelato, que será a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

2. O título de bacharel facultará para acceder ás ensinanzas que constitúen a educación superior, establecidas no artigo 3.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CONSELLOS PARA AXUDAR A EDUCAR @S VOS@S FILL@S NA ESO

1. FALADE TODOS OS DÍAS CON EL/A da súa experiencia no instituto, preguntádelle polo seu comportamento, clases, amizades, etc. Dicídelles, cando se porte ben, o felices que vos sentides polo seu bo comportamento.

2. Organizade e CONTROLADE AS SÚAS TAREFAS DE MANEIRA QUE ADIQUE HORA E MEDIA OU DÚAS HORAS AO ESTUDO E AO TRABALLO DE CLASE. SEMPRE HAI TRABALLO (se non hai tarefas, poden repasarse os contidos do día, ler os temas, os libros de lectura das distintas materias, etc.). É moi interesante facer un **seguimento continuo das tarefas diarias**:

- Revisar co seu fillo/a a axenda para saber a tarefa e actividades ou traballos que ten que realizar nas diferentes materias.
- Coñecer as datas dos exames e planificar o tempo de estudo para os mesmos. Coñecer os resultados que se están a obter.

3. CONTROLADE O TEMPO QUE ADICA AO MÓBIL, ORDENADOR, INTERNET, VER TELEVISIÓN, AOS VIDEOXOGOS, ETC.

4. MANTEDE UN CONTACTO REGULAR CO INSTITUTO a través da titoría e non vos limitedes ás xuntanzas para as familias. Ás veces non temos moi claro como e cando debemos dirixirnos ao centro educativo onde estudan @s nos@s fill@s, pero é importante que cada certo tempo nos xuntemos co/a titor/a para intercambiar información e definir obxectivos. O certo é que o contacto periódico co centro é fundamental para que @ seu/súa fill@ aproveite ao máximo as oportunidades educativas que se lle ofrecen.

5. DADE IMPORTANCIA AO QUE FAI @ VOS@ FILL@ NO INSTITUTO. Coñecedes ben as actividades que ten, cal lle gusta máis, cal lle costa especialmente, etc. Recoñecedes os seus progresos, melloras e esforzos.

6. En presenza d@ vos@ fill@, RECOÑECEDE O ESFORZO E O TRABALLO DO PROFESORADO. Perante el/a sempre debe mostrarse de acordo co profesorado, aínda que ás veces non sexa a realidade. Os vosos desacordos tratádeos directamente con nós.

7. PAIS E NAIS DEBEDES ESTAR SEMPRE DE ACORDO NA EDUCACIÓN D@ VOS@ FILL@ e tamén na importancia que ten a EDUCACIÓN no INSTITUTO. Non vos debedes contradicir.

8. CONCEDEDE PREMIOS CANDO O FAI BIEN, PERO TAMÉN SANCIÓN (NON VIOLENTAS NIN DANIÑAS) CANDO FALLA NA SÚA CONDUCTA. Falade con el/a e cumpriade co prometido. Nunca cedades á chantaxe. Utilizade incentivos e recoñecementos inmediatamente despois de que acontezan as condutas desexábeis. Mostrádevos comprensiv@s e empátic@s con el/a e conseguiredes que estea da vosa parte. Establecedes límites, inculcade disciplina e esixide que se cumpra. Decide "NON" cando sexa necesario. Perante unha mala acción, expresade de maneira clara e firme o voso enfado durante breves segundos. Inmediatamente recordádelle que é bo/a e capaz de obrar ben. Nunca debe ser rentábel para @ vos@ fill@ unha mala conduta, ten que deixar que as consecuencias das súas reaccións negativas e a súa falta de control, lle demostren que estaba nun erro. Ademais, neses casos, debedes retirarlle concesións ou privilexios aos que lles dea moito valor e importancia.

9. SEDE UN BO MODELO no comportamento para @ vos@ fill@. Actuade diante del/a como quixéades que el/a se comportase. **@S RAPACES/AS IMÍTANOS.** Non hai educación humana sen educación moral, sen formación en valores.

10. A mesma convivencia familiar é determinante no futuro d@ vos@ fill@, creando un **clima de entendemento e comprensión mutuos.**

EQUIPO DIRECTIVO

Curso 2019-20

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ